



Recomendación á Universidade de Vigo para que en contratacións futuras nas que se suscite unha situación laboral semellante á deste caso, estimar a petición de compatibilidade daquelas persoas que se atopasen en situación idéntica á do interesado

Expediente: A.4.Q/5230/23

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Sr. Reitor:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI nº XXX

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

Habiendo sido convocado por la UVIGO un concurso público de méritos para contratación de personal investigador y de apoyo a la investigación (Concurso público 12/2022) de fecha 19 de Diciembre de 2022; para la oferta XXX TÉCNICO DE APOYO EN EL PROYECTO EUROPEO ERASMUS+ GLOBEDIVES y habiendo sido seleccionado el 17 de Enero de 2023, con la puntuación de 53 puntos.

Con fecha de 17 de Enero de 2023 se comunica al firmante que debe solicitar la compatibilidad a la Universidad de Vigo, que es la convocante y contratante.

Con fecha 18 de Enero se informa a la UVIGO que es PAS del Centro Asociado UNED Ourense y que debería solicitar la compatibilidad al referido centro por ser el trabajo principal de carácter público al ser PERSONAL LABORAL DE ESA INSTITUCIÓN.

Con fecha de 23 de Enero se insiste una vez más por la "Unidade de contratación de persoal investigador" (UCPI) de enviar los impresos de solicitud de compatibilidad a la Universidad de Vigo. Igualmente se insiste en que por la UNED se certifique si tienen participación de capital privado.

Con fecha 24 de Enero se envía a la mencionada UCPI los documentos requeridos para proceder a la contratación advirtiéndoles que a mayores solicito la compatibilidad para la UNED en base al ART 6.1 de la LEY 53/1984.

Para sorpresa del reclamante se insiste a la hora de solicitar la compatibilidad para actividades públicas a la UVIGO que la actividad principal sea el trabajo a realizar en la propia Universidad de Vigo y que mi trabajo como administrativo en la UNED Ourense tenga que ser declarada como actividad privada, a pesar que en el mismo anexo figura la opción "ACTIVIDAD PÚBLICA SECUNDARIA" que se pretende compatibilizar.

Por parte de la UCPI se insiste en que tiene que ser así.

Con fecha de 26 de Enero se le envía al Sr Rector de la UVIGO un escrito exponiendo estas particularidades recalcando la posibilidad de acogerme al art 6.1 de la Ley 53/1984 solicitando que no se pongan trabas a la compatibilidad solicitada al ser la UVIGO actividad accesoria a la principal que se desarrolla en la UNED y en caso de duda que se solicite Informe escrito a la asesoría jurídica de la UVIGO.

Con fecha de 23 de Enero se envía vía Registro de la Subdelegación de Gobierno de Ourense a la Dirección General de la Función Pública la solicitud de compatibilidad de actividades; comunicando el 10 de Marzo que la compatibilidad respecto al caso previsto del art 6.1 requiere un Informe Favorable preceptivo y Vinculante de la UVIGO.

Con fecha de 15/Marzo/2023, se comunica por parte de la Dirección General de Función Pública que UVIGO ha emitido un Informe desfavorable al supuesto contemplado en la Ley 53/1984.

Con fecha del 21 de Marzo de 2023 la UCPI comunica que la compatibilidad ha sido denegada, entendemos que por parte de la UVIGO. Se expone en esa misma fecha que es preciso elegir u optar por el puesto de la UVIGO (dotado con 607 € mes) o el puesto de trabajo en el Centro Asociado UNED Ourense.

Teniendo conocimiento que el mencionado proyecto de investigación llevaba meses de retraso en la Contratación del personal técnico, opté a la renuncia por no perjudicar más a la Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo de Ourense y así poder facilitar el acceso del siguiente de la lista, ya que cualquier recurso legítimo por esta parte, hubiera perjudicado la ejecución y desarrollo de ese Proyecto financiado con Fondos Europeos que se podían perder al no justificar su realización. (..)

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu co seguinte contido:

Recibida solicitud de la Secretaría de Estado de Función Pública para la emisión de informe sobre si procede o no autorizar la compatibilidad solicitada por D. XXX, al amparo de lo dispuesto en el artículo 6ª de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre,

De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 9 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas se informa lo siguiente:

Respecto de este caso, lo que establece la Ley 53/1984 en su artículo sexto es lo siguiente:

1. Sin perjuicio de lo previsto en el artículo 4. 3, excepcionalmente podrá autorizarse al personal incluido en el ámbito de esta ley la compatibilidad para el ejercicio de actividades de investigación de carácter no permanente, o de asesoramiento científico o técnico en supuestos concretos, que no correspondan a las funciones del personal adscrito a las respectivas Administraciones Públicas.

Dicha excepción se acreditará por la asignación del encargo en concurso público, o por requerir especiales calificaciones que sólo ostenten personas afectadas por el ámbito de aplicación de esta ley.

Por su parte el RD 598/1985 establece en su art. 3.3:

Al personal sujeto al ámbito de aplicación de este Real Decreto podrá autorizársele la compatibilidad para actividades de investigación de carácter no permanente o de asesoramiento en supuestos concretos, en los términos establecidos en el artículo sexto de la Ley 53/1984.

De la regulación de estos dos artículos se desprende que los dos elementos esenciales para la aplicación de dicho supuesto son el carácter no permanente y la limitación a supuestos concretos que no se correspondan a las funciones del personal adscrito a las respectivas Administraciones Públicas.

Tratándose en este caso de un concurso de méritos ordinario para la contratación de personal investigador, y que la relación laboral se establecería mediante contrato de carácter indefinido, en cumplimiento de lo dispuesto en la Ley 53/1984, del 26 de diciembre, de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas, y Real Decreto 598/85, del 30 de abril, este Rectorado INFORMA DESFAVORABLEMENTE la compatibilidad solicitada.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa da denegación dunha compatibilidade solicitada polo interesado á Universidade de Vigo, toda vez que o mesmo pertence ao persoal PAS do Centro Asociado da UNED en Ourense e resultou adxudicatario dunha praza de persoal investigador e de apoio, convocada pola Universidade de Vigo ao abeiro do Programa Global Citizenship and Diversity Management Skills in Higher Education financiado pola Unión Europea.

O preceptivo informe da Universidade resultou denegatorio en aplicación, segundo informa o propio organismo, dos artigos 3 e 6.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e do artigo 3.3 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

Así, o artigo 6.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas dispón, literalmente, que poderán ser compatibles as “(..) actividades de investigación de carácter non permanente, ou de asesoramento científico ou técnico en supostos concretos, que non correspondan ás funcións do persoal adscrito ás respectivas Administracións Públicas(..)”. É, precisamente, o carácter “non permanente” do contrato de investigación que ofertaba a Universidade así como o feito de que as funcións non entrarían neses supostos concretos dos que se fala no artigo 6.1, os argumentos nos que se apoia a Universidade á hora de denegar a compatibilidade.

SEGUNDA. Por Resolución de 19 de decembro de 2022, a Universidade de Vigo convocou un concurso de méritos para a contratación de persoal investigador e de apoio para o Programa Global Citizenship and Diversity Management Skills in Higher Education desenvolvido pola Universidade de Vigo en colaboración coa Kauno Kolegija/ University of Applied Sciences de Kaunas (Lituania), a LAB University of Applied Sciences de Lahti (Finlandia) e a Alexandru Ioan Cuza University de Iasi na Moldavia rumana.

Os obxectivos principais do programa eran crear unha estrutura pedagóxica para ensinar cidadanía global e xestión da diversidade en estudantes de educación superior en Europa e crear ferramentas pedagóxicas para que o profesorado integre esta temática nos seus cursos axudando, así, a desenvolver a conciencia global no alumnado.

O interesado foi seleccionado no concurso público convocado. A vinculación coa Universidade de Vigo sería cun contrato indefinido de actividades científico técnicas ao abeiro do regulado no artigo 23 bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación modificada pola Lei 17/2022, do 5 de setembro. Como xa se dixo, o interesado non obtivo a autorización preceptiva da Universidade para a compatibilidade polos motivos argumentados no punto anterior. O interesado non presentou recurso para evitar un adiamento do inicio do proxecto e a consecuente perda dos fondos europeos.

TERCEIRA. En relación á natureza do contrato cómpre lembrar o recollido na propia Resolución da Universidade na que se convoca o proceso selectivo:

“Unha das funcións prioritarias da Universidade de Vigo é a da investigación, a transferencia e a innovación. Para mellorar a actividade investigadora, a Universidade de Vigo precisa a incorporación de persoal especificamente contratado para esas tarefas, ben sexa nos grupos de investigación, ben sexa noutras estruturas relacionadas, como centros de investigación ou institutos de investigación

Como consecuencia dos cambios legislativos realizados a través do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e do Real Decreto-lei 8/2022, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da contratación laboral do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, a Universidade aprobou na sesión extraordinaria do Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022, a Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, co obxectivo de adecuar as modalidades contractuais previstas na lei e as normas que as desenvolven ás necesidades e peculiaridades desta universidade, definindo as categorías profesionais, o réxime retributivo e os dereitos e deberes deste persoal, garantindo ademais a homoxeneidade destes contratos no ámbito universitario.(..)”

Neste sentido débese sinalar que o artigo 15 do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo limita a contratación temporal, como norma xeral, a seis meses e só en caso de convenio colectivo sectorial poderá chegar a duración contractual a un ano. Xa que logo, o contrato indefinido convertese no habitual e no indicado no caso que nos ocupa, dado que nin o contrato formativo nin o fixo-descontinuo se axusta ás necesidades do persoal de apoio investigador no proxecto que nos ocupa.

Así, o artigo 23 bis xa mencionado dispón que:

1. O obxecto dos contratos de actividades científico-técnicas será a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico-técnicos, incluíndo a xestión científico-técnica destas liñas que se definen como un conxunto de coñecementos, inquietudes, produtos e proxectos, construídos de maneira sistemática ao redor dun eixo temático no que conflúan actividades realizadas por un ou máis grupos de investigación e requirirá o seu desenvolvemento seguindo as pautas metodolóxicas adecuadas en forma de proxectos ou contratos de I+D+i.

2. Os contratos de actividades científico-técnicas, de duración indefinida, non formarán parte da Oferta de Emprego Público nin dos instrumentos similares de xestión das necesidades de persoal a que se refire o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, nin a súa convocatoria estará limitada pola masa salarial do persoal laboral.(..)

No caso que nos ocupa, malia que o contrato figura como “indefinido”, tralo cambio normativo na lexislación laboral, o posto asignábase a un programa concreto, o Global Citizenship and Diversity Management Skills in Higher Education. Do recollido no video de difusión do programa que pode atoparse na mesma web da Universidade dedúcese que a duración do proxecto é do 01/01/2022 ao 31/12/2023; isto é, como todos os proxectos con financiamento europeo, ten unha duración determinada e coñecida que remata en decembro de 2023.

Xa que logo, tanto a natureza das tarefas como a duración do programa poderían xustificar a compatibilidade solicitada polo interesado.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Universidade a seguinte recomendación:

En contratacións futuras nas que se suscite unha situación laboral semellante á deste caso, estimar a petición de compatibilidade daquelas persoas que se atopasen en situación idéntica á do interesado.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da



aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo